



Biblioteca Xosé Neira Vilas
Concello de Vigo

**CONCELLO
DE VIGO**



BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL “XOSÉ NEIRA VILAS”

Avda. Martínez Garrido 21, 36205 Vigo
Tfno.: 986-267759 / Fax: 986-276709
bpneiravilas@vigo.org
<http://bpneiravilas.blogspot.com/>

HORARIO DE FUNCIONAMENTO

Mañás: de martes a sábado de 10:30 a 14:00h
Tardes: de luns a venres de 17:00 a 20:30h
Do 15 de xuño ao 15 de setembro: apertura de tarde ás 18:00 h

A Concellería de Cultura promoveu a implantación da biblioteca pública municipal “Xosé Neira Vilas”, na avda. Martínez Garrido, num. 21, da cidade de Vigo, como unha actuación directriz de posta en marcha de servizos bibliotecarios, dentro da rede municipal de bibliotecas que se pretende desenvolver.

Esta nova biblioteca implántase nun *territorio con densidade poboacional significativa*, onde a biblioteca pública municipal é o *servizo cultural de proximidade* por excelencia para atender á veciñanza dun raio de 15-20 min camiñando, e complementando así a gama diversificada dos servizos preexistentes do territorio.

A obra de rehabilitación dos locais realizouse en 2009, de acordo co proxecto redactado polo arquitecto José Carlos Rodríguez Otero, a partir do plan funcional, primeiro dos pasos da planificación do proceso, elaborado previamente por persoal especializado en bibliotecas públicas.

A inauguración da Biblioteca “Xosé Neira Vilas” produciuse o 24 de marzo de 2011, coa presenza do propio Xosé Neira Vilas, de quen recibe o nome, e representantes institucionais. Fíxoselle a entrega simbólica do carné número un da biblioteca a Xosé Neira Vilas e aos asistentes ao acto entregóuselles un exemplar do libro “Memorias dun neno labrego” de Xosé Neira Vilas (Editorial Galaxia, Vigo; 31ª edición en galego, 1º edición na *Biblioteca Xosé Neira Vilas*, 2010), como agasallo conmemorativo da apertura da biblioteca.



CARACTERÍSTICAS XERAIS DA BIBLIOTECA

A biblioteca “Xosé Neira Vilas” é unha *biblioteca pública*, tanto pola titularidade, que é municipal, como polas persoas ás que se dirixe: ao conxunto da cidadanía sen ningún tipo de distinción de idade, raza, sexo, relixión, condición ou opinión, en contraposición ás bibliotecas de acceso restrinxido (investigación, escolares, universitarias, etc.).

Tamén é a primeira das *bibliotecas de proximidade da futura rede municipal de bibliotecas*, no sentido que presta un servizo de lectura pública nunha área determinada e que chegará a coordinar a súa acción con outras bibliotecas municipais que configurarán a rede (grupos coordinados de bibliotecas que comparten un programa bibliotecario común, recursos e servizos, para lograr un mellor servizo á cidadanía), ademais da súa inclusión actual na *Rede de Bibliotecas de Galicia*.

A parte de prestar os servizos tradicionais dunha biblioteca, pon énfase no desenvolvemento de servizos e recursos adaptados ás necesidades culturais e informativas específicas do seu contorno establecendo vínculos de cooperación coas organizacións cidadás da súa área de influencia.

A súa misión é a de ser un centro territorial de comunicación, información e promoción lectora; un espazo referente para a zona, no que a veciñanza acude para xerar demandas, satisfacer as súas necesidades ou simplemente un lugar de encontro, integrador das distintas sensibilidades sociais e vitais que coexisten e conviven ao seu redor.

A biblioteca ofrece os servizos de préstamo e consulta en sala, información, así como formación a quen a desexe. Desenvolve actividades de animación á lectura para todos os públicos, club de lectura, obradoiros, presentación de libros, conferencias... Ademais de servir como apoio ás escolas e aos diversos colectivos cidadáns.

O centro conta cun total de 82 postos: 52 postos de lectura, entre as seccións de adultos, infantil e prensa; 10 postos de audiovisuais, 2 postos de consulta do catálogo (OPAC), 10 ordenadores de uso libre e WI-FI (dispón dunha zona exclusiva con conexión para 8 portátiles).



ORGANIGRAMA DE SERVIZOS

De acordo co plan funcional a biblioteca pública municipal organízase nas seguintes áreas, servizos e recursos.

1.- INFORMACIÓN E PRÉSTAMO

(Zona A do directorio “Información e préstamo”)

Servizos.-

Atención á persoa usuaria.- Información. Préstamos e devolucións. Inscripción de socios/as.

Reserva de postos informáticos, de audición e visionado.

Consulta dos fondos da biblioteca (OPAC)

Espazo wifi

Recursos.-

Mostrador (2 postos de uso interno). 2 postos informáticos

1 posto de consulta ao catálogo (OPAC)

8 postos con tomas eléctricas no espazo wifi para portátiles

Superficie: 42,83 m² (23,25 m² + 12,08 m²+ 7,5 m²)

2.- FONDOS XERAIS (COÑECEMENTO)

(Zona C do directorio “Coñecemento”)

Servizos.-

Consulta de fondos de información e coñecemento.

Recursos.-

16 postos de consulta en mesa

Superficie: 52,12 m².

3.- PRENSA E REVISTAS. OBRAS DE CONSULTA. LITERATURA

(Zona B do directorio “Prensa e revistas”/“Obras de consulta”/“Literatura”)

Servizos.-

Lectura e consulta de prensa e revistas, presencial e en liña

Lectura e consulta de bases de datos, enciclopedias, presencial e en liña

Lectura e consulta de obras de ficción: narrativa, poesía, teatro e outros xéneros

Recursos.-

8 postos de lectura e consulta (4 postos de lectura en butaca)

2 postos informáticos

Superficie: 51,31 m² (41,19 m²+ 10,12 m²).



4.- ESPAZO MULTIMEDIA

(Zona F do directorio “Espazo multimedia”)

Servizos.-

Alfabetización dixital

Acceso público a internet e ofimática

Recursos.-

6 postos informáticos

Superficie: 12,98 m².

5.- ESPAZO XUVENIL

(Zona D do directorio “Espazo xuvenil”)

Servizos.-

Lectura de cómics e ficción

Música, imaxe e xogos

Audición e visionado: Blu-ray, dvd, dvd portátiles, mp4, cadea de música.

Xogos electrónicos. Wii e Play Station

Recursos.-

4 postos de consulta en mesa

2 postos de lectura informal

6 postos de audiovisuais

1 posto de consulta ao catálogo

Superficie: 63,20 m².

6.- ESPAZO INFANTIL

(Zona E do directorio “Espazo infantil”)

Servizos

Fondos infantís: Coñecemento, ficción e cómics.

Acceso a internet e ofimática.

Xogos electrónicos educativos

Consultas pais e nais (fondos específicos).

Recursos.-

1 bancada (4 postos)

16 postos de lectura en mesa

2 postos de lectura informal

4 postos de audiovisuais

2 postos de consulta informática

Superficie: 106,50 m².



7.- ÁREA DE TRABALLO INTERNO.

Servizos.-

- Xestión e dirección.
- Proceso físico e técnico dos fondos.
- Deseño, preparación e montaxe de actividades.
- Deseño de mostras bibliográficas.

Recursos.-

- 4 postos de traballo.
 - Mesas de traballo e reunións
- Superficie: 27,65 m² (18,65 m²+ 9,00 m²).

8.- ASEOS

(Zona G do directorio "Aseos")


Superficie: 32,10 m².

SUPERFICIE ÚTIL TOTAL: 389 m².

POSTOS PERSOAS USUARIAS: 82.




ORGANIGRAMA DE SERVIZOS



ORGANIGRAMA DE SERVIZOS
data: 06 / 10 / 2011



DIRECTORIO





FONDOS E MOBILIARIO

FONDOS

O plan funcional da biblioteca preveu un fondo inicial de 9.000 exemplares (fondo xeral e infantil: coñecementos, ficción, música e imaxe) que se foi e se irá aumentando e renovando progresivamente.

No primeiro ano 2011, a biblioteca iniciou a súa andaina cun total de 9.366 exemplares. O Concello de Vigo achegou 6.010 exemplares a través dun contrato de subministro e outros 1.415 exemplares a través doutros recursos propios; a Consellería de Cultura e Turismo achegou 1.883, e outros 58 proviñeron de doazóns particulares.

Fondo bibliográfico a 31 de decembro de 2015

FONDO BIBLIOGRÁFICO					
	Ano 2011	Ano 2012	Ano 2013	Ano 2014	Ano 2015
Libros	7.059	8.424	9.764	11.119	12.295
Publicacións Periódicas Xornais	8	7	8	8	8
Publicacións Periódicas Revistas (títulos)	25	378	709	1.280	1.051
	25	33	35	34	33
Música impresa					24
Documentos Sonoros	1.041	1.050	1.054	1.067	1.081
Documentos Audiovisuais	1.146	1.670	1.783	1.961	2.151
Arquivos de ordenador	87	118	121	120	119
TOTAL	9.366	11.647	13.439	15.555	16.729

MOBILIARIO

O mobiliario da biblioteca dotouno a Consellería de Cultura e Turismo.



Biblioteca Xosé Neira Vilas
Concello de Vigo

**CONCELLO
DE VIGO**



BIBLIOTECA DIXITAL

A Biblioteca Xosé Neira Vilas inaugurou mes de setembro de 2013 un novo e innovador servizo de préstamo de libro electrónico a través da plataforma eBookVigo.org. A plataforma púxose en marcha cun fondo inicial de 220 títulos, que dende entón foron incrementándose progresivamente e que seguirán a medrar no futuro.

A 31 de marzo de 2015 o fondo dixital conta con 412 licenzas.



CUSTO DO INVESTIMENTO E POSTA EN MARCHA DA BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL “XOSÉ NEIRA VILAS”

1.- Adquisición de local e obra de rehabilitación do espazo.

Total: 637.381,74 €

2.- Traballos técnicos.

Redacción de plan funcional, redacción de proxecto, direccións técnicas obra, asesorías especializadas en bibliotecas, deseño de imaxe gráfica e manual corporativo, manuais de procesado técnico, etc.

Total: 127.514,00 €.

3.- Equipamento técnico

Equipo informático, equipo audiovisual, rack, sistema de xestión de préstamo automatizado e devolución de fondos, sistema antirrobo, punto de información automatizado, fotocopiadora, etc.

Total: 88.674,28 €.

4.- Fondos bibliográficos.

Subministración do fondo inicial, procesado técnico do fondo, tratamento físico, outros traballos técnicos, etc.

Total: 156.289,65 €

5.- Posta en marcha para a apertura

Libros agasallo “Memorias dun neno labrego”, limpeza fin de obra, rotulación exterior e interior, traballos diversos de apertura, actualización imaxe corporativa, alugueiros, dereitos de acometida eléctrica, revisión instalación sistema climatización, materiais diversos, marcadores de páxinas, etc.

Total: 51.240,01 €

6.- Mobiliario. Contratación pola Consellería de Cultura e Turismo.

Total orzamento de licitación: 160.759,97 €

TOTAL GASTO INVESTIMENTO E APERTURA: 1.221.859,65 €

FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO E POSTA EN MARCHA

Concello de Vigo: 603.717,94 €

Programa Feil: 457.381,74 €

Consellería de Cultura e Turismo – Mobiliario: 160.759,97 € (licitación)



Biblioteca Xosé Neira Vilas
Concello de Vigo

**CONCELLO
DE VIGO**



ACORDO DO PLENO DE CREACIÓN DA BIBLIOTECA e INTEGRACIÓN NA REDE DE BIBLIOTECAS DE GALICIA

A biblioteca pública municipal “Xosé Neira Vilas” foi creada polo Concello de Vigo por acordo plenario adoptado por unanimidade o 31 de maio de 2010.

Por Orde de data 21 de xullo de 2010 o conselleiro de Cultura e Turismo resolveu a creación e integración na Rede de Bibliotecas de Galicia da biblioteca pública municipal “Xosé Neira Vilas” de Vigo (DOG num. 163, do 25 de agosto de 2010).

Para a efectividade da resolución asinouse, con data 21 de outubro de 2010, o convenio entre a Consellería de Cultura e Turismo e o Concello de Vigo para a creación e integración na Rede de Bibliotecas da Galicia da biblioteca pública municipal “Xosé Neira Vilas”.

A inscrición no Rexistro de Bibliotecas de Galicia da biblioteca “Xosé Neira Vilas”, resolveuse por resolución do conselleiro de Cultura e Turismo, de data 18 de novembro de 2010.

A biblioteca pública municipal “Xosé Neira Vilas” abriu ao público o 24 de marzo de 2011.



FUNCIONAMENTO DA BIBLIOTECA XOSÉ NEIRA VILAS. NORMATIVA BÁSICA

O uso da biblioteca é libre e aberto a toda a cidadanía. A lectura en sala non precisa de ningún requisito. Non obstante, o uso de ordenadores, a consulta de audiovisuais ou o servizo de préstamo requiren un carné de socio/a.

Para asociarse é necesario:

- Cubrir a ficha de inscrición cos datos persoais.
As persoas menores de 14 anos ademais deberán contar coa autorización paterna ou materna ou do titor/a.
- Fotocopia do DNI.
As persoas menores de 14 anos, deberán ademais aportar copia do DNI do seu pai, nai ou titor/a

Uso de internet:

Os equipos informáticos de uso público poderán usarse durante un máximo de 1 hora diaria por persoa.

Préstamo de documentos:

PERSOA FÍSICA: TOTAL DOCUMENTOS POR CARNÉ: 5

Tipo documento	Máximo documentos	Días de préstamo	Renovación	Días de renovación
Libros	3	21	1	21
Audiovisuais	1	7	1	7
Documentos sonoros	1	7	1	7
Arquivos ordenador	1	7	1	7
Revistas	1	7	1	7

ENTIDADE: TOTAL DOCUMENTOS POR CARNÉ: 60

Tipo documento	Máximo documentos	Días de préstamo	Renovación	Días de renovación
Libros	30	21	2	42
Audiovisuais	10	21	2	42
Documentos sonoros	10	21	2	42
Arquivos ordenador	10	21	2	42
Revistas	10	21	2	42



A demora na devolución dos documentos leva consigo a suspensión temporal dos servizos ofrecidos pola biblioteca, proporcional á demora e ao número de préstamos.

Renovación de documentos:

Poderase realizar transcorridos 5 días dende a formalización do préstamo ata o día da súa caducidade.

A prórroga pódese facer presencialmente, por teléfono, e-mail ou a través do catálogo en liña. Non se permite a renovación de documentos reservados.

Reserva de documentos:

TOTAL DE RESERVAS POR CARNÉ: 3

Tipo documento	Máximo de reservas
Libros e Revistas	3
Audiovisuais, Documentos sonoros, Arquivos ordenador	2

Solicitud de adquisicións:

As persoas usuarias poderán solicitar a adquisición de obras a través dos formularios específicos que estarán á súa disposición na biblioteca ou na páxina web. Unha vez cubertos, os formularios poden entregarse na biblioteca, ou ben enviarse por fax ou por correo electrónico.



PROGRAMA DE ACTIVIDADES DA BIBLIOTECA XOSÉ NEIRA VILAS

A biblioteca municipal Xosé Neira Vilas, no seu afán de ser un centro cultural de reunión, de diversidade, de formación e entretemento desenvolve ao longo do ano unha programación de actividades dirixidas a todo tipo de usuarios.

Programas de formación de usuarios e soporte á aprendizaxe	Programas escolares
	Visitas guiadas
	Alfabetización dixital
Promoción da lectura	Club de lectura
	Contacontos para adultos
	Contacontos para nenos
	Contacontos para bebés
	Actividades para familias
	Obradoiros de escritura
	Contacontos pola rúa
	Actividades puntuais en celebracións de efemérides
Outras actividades de extensión cultural	Obradoiros
	Obradoiros lúdico-formativos para público infantil en períodos vacacionais
	Presentación de libros
	Conferencias
	Mostras bibliográficas
	Guías de lectura
	Actividades de colaboración con outras entidades
	Recitais
Feira do libro	



1. Formación de usuarios.

Apoio á aprendizaxe e actividades de formación para aprender a manexar os recursos que ofrece a biblioteca.

- Programas escolares. Actividades para os centros de ensino, que cada curso escolar xiran ao redor dunha temática determinada (descubrimentos, arte, ciencia...)
- Visitas guiadas. Visitas para todo tipo de grupos que o soliciten, adaptadas ás súas demandas e necesidades.
- Alfabetización informacional, alfabetización dixital (cursos básicos de manexo de ordenadores, internet, etc.)

2. Actividades de animación á lectura.

Encamiñadas a fomentar entre as persoas usuarias de todas as idades o gusto pola lectura; entre outras:

- Entre arrolos e contiños (contacontos para nenos/as de 1 a 3 anos)
- O Roque (contacontos para nenos/as de 3 a 10 anos)
- A hora dos contos (contacontos para nenos/as de 3 a 10 anos)
- Contos Dakí (contacontos para público adulto)
- Celebración de efemérides: Día do Libro Infantil e Xuvenil, Día do Libro, Días das Letras Galegas, Día da Biblioteca, etc.
- Obradoiros
- Club de lectura. O club de lectura é un grupo de persoas afeccionadas á lectura que se reúne dúas veces ao mes na biblioteca para comentar e valorar un libro proporcionado pola propia biblioteca coa axuda dunha persoa coordinadora.

3. Actividades de extensión cultural.

Actividades culturais organizadas pola biblioteca para dar a coñecer o centro e difundir os seus servizos entre a cidadanía: mostras bibliográficas, presentacións, obradoiros para persoas adultas, guías de lectura, recitais, etc.

Na nova andaina da Biblioteca Xosé Neira Vilas que comenza en marzo de 2014 desenvolveranse ademais novas iniciativas que completan e complementan a oferta de actividades:

- Novos centros de interese. Os *centros de interese* son seccións independentes que, polas súas características ou o seu especial interese de cara aos usuarios, se diferencian do resto de documentos da biblioteca. O seu obxectivo é ofrecer novas e atractivas seccións temáticas de interese para os usuarios, agrupando fisicamente nun mesmo lugar os documentos referidos a un tema concreto, independentemente do seu soporte físico.
 - Vigo. Selección de fondos referentes á cidade de Vigo (historia, xeografía, arte, toponimia, etc.
 - Bibliolabora. Escolma de material relacionado co emprego e o mundo laboral: a busca e mellora de traballo, a xestión dos recursos humanos, o autoemprego, o éxito profesional, etc.



- Cociña e nutrición. Selección de documentos relacionados con esta temática.

- Puntos de lectura. Coa idea de que a biblioteca saia á rúa, situaranse en diferentes lugares dentro da área de influencia da biblioteca puntos de lectura sinalizados cun formato atractivo. A biblioteca e as entidades colaboradoras escollerán un espazo onde poder fixar o PUNTO DE LECTURA, no que se colocarán diferentes materiais bibliográficos para que a xente que así o desexe poida usalos.

- Bibliotroco. Campaña de doazón de libros por material escolar. Esta actividade está enfocada a que de forma solidaria os usuarios da biblioteca que o desexen se impliquen neste proxecto, no que se cambiarán libros (doados polos usuarios nunha previa campaña de información) por material de uso escolar, que será doado a diferentes centros da área de influencia da biblioteca para que as persoas responsables do mesmo o poñan a disposición dos nenos que o precisen.

- Estoxos. Barrios espazos de vida. Con este novo proxecto daranse a coñecer entre as persoas usuarias os diferentes espazos da cidade. Cada estoxo terá como tema un barrio da cidade no que por medio de diferentes materiais (xogos, libros, músicas, fotografías...) farase unha achega ao seu pasado e o seu presente, as súas xentes, os seus espazos, as súas peculiaridades.



A COMUNICACIÓN DA BIBLIOTECA XOSÉ NEIRA VILAS

A comunicación da biblioteca Xosé Neira Vilas cos seus usuarios e coa cidadanía en xeneral lévase a cabo a través de diferentes medios de difusión, tanto offline como online.

Medios de difusión offline

- Carta de Servizos
- Normas básicas
- Normas de uso de internet
- Trípticos de información (programación trimestral)
- Carteis
- Folletos
- Enquisas
- Follas de queixas e suxestións

Medios de difusión online

- Blog. <http://bpvigoneiravilas.blogspot.com.es/>
- Newsletter ou boletín informativo

Dende 2014 puxéronse en marcha novas ferramentas que contribúen a unha mellor difusión dos servizos que ofrece a biblioteca e un mellor coñecemento por parte da cidadanía:

- Páxina web. A biblioteca ten mais presenza en Internet, e a información sobre a mesma está dispoñible para calquera visitante 24 horas ao día, 365 días ao ano. Así mesmo tense unha completa visión dos servizos e actividades que se ofrecen.
- Redes sociais. Creáronse perfís da biblioteca nas redes sociais *Facebook* e *Twitter* para abrir unha nova canle de comunicación coas persoas usuarias.



INFORMACIÓN SOBRE XÓSE NEIRA VILAS (Gres, 1928 - 2015)

Naceu en Gres, Pontevedra, en 1928. Foi membro numerario da Real Academia Galega, Doutor Honoris Causa polas universidades da Coruña e da Habana, e Fillo Predilecto do Concello de Vila de Cruces. Entre outros galardóns recibiu a Medalla Castelao, o Pedrón de Honra, o Premio Trasalba, Premio da Crítica Española (novela en galego) e Premio da Crítica Galega (ensaio). Foi un dos escritores clásicos da literatura galega.

Emigrou a Arxentina en 1949, onde fixo a carreira de Xornalismo. Foi secretario xeral das Mocidades Galeguistas, e secretario da Comisión Organizadora do histórico Congreso da Emigración Galega. Casou coa escritora cubana, de ascendencia galega, Anisia Miranda, en 1957. Xuntos fundaron ese mesmo ano "Follas Novas", editorial e distribuidora do libro galego no continente americano.

Colaborou na prensa galega de Bos Aires e publicou nesa cidade o poemario *Dende lonxe*, en 1960, e a novela *Memorias dun neno labrego*, en 1961, ano no que Neira e Anisia van vivir a Cuba. Alí funda e dirixe a Sección Galega do Instituto de Literatura e Lingüística. Desempeña diversos traballos na administración, colabora na prensa, e exerce durante seis anos a xefatura de redacción da revista infantil *Zunzún*. Dende 1992 residiu de novo na súa parroquia natal, onde presidiu a fundación que leva o seu nome ata o seu pasamento, o 27 de novembro de 2015.

BIBLIOGRAFÍA DESTACADA

Narrativa

Memoria dun neno labrego (1961)
Xente no rodicio (1965)
Camiño bretemoso (1967)
Historias de emigrantes (1968)
A muller de ferro (1969)
Remuíño de sombras (1973)
Aqueles anos do Moncho (1977)
Querido Tomás (1980)
Tempo novo (1987)
O home de pau (1999)
Relatos mariñeiros (2003)
Esperando o leiteiro (2012)

Narrativa para nenos

Cartas a Lelo (1971)
O cabaliño de buxo (1971)
Espantallo amigo (1971)
A marela taravela (1976)
De cando o Suso foi carteiro (1988)
Chegan forasteiros (1993)
Cantarolas (2015)
Galicia, nosa ledicia (2015)



Poesía

Dende lonxe (1960)
Inquedo latexar (1969)
Poesía recadada (1994)
Cantarolas (1995)
Dende Gres (2004)

Testemuñas

Galegos no golfo de México (1980)
Guerrilleiros (1991)
Eduardo Blanco Amor dende Bos Aires (1995)

Investigacións

Castelao en Cuba (1983)
A prensa galega de cuba (1985)
Rosalía de Castro e Cuba (1992)
A lingua galega en Cuba (1995)
Memoria da emigración, I (1994)
Memoria da emigración, II (1995)
Memoria da emigración, III (1996)
Galegos que loitaron pola independencia de Cuba (1998)
Manuel Murguía e os galegos da Habana (2000)
Crónicas galegas de América (rolda I), 1999.
Crónicas galegas de América (rolda II), 2000.
Crónicas galegas de América (rolda III), 2001.
O sarillo do tempo (2004).
Prosas varias (2004)
Xentes e camiños (2005)
Vinte anos retornando (2006)
Arredor do mundo (2007)
Lóstregos (2009).
Encontros con Laxeiro (2009).
Cartas de vellos amigos (2010)
Presenza galega en Cuba (2010).

Lembranza

Lar (1974)
Nai (1980)
Pan (1991)

A súa obra narrativa e poética aparece en diversas antoloxías. Varios libros de Neira foron traducidos a outras linguas, sobre todo *Memorias dun neno labrego*. Sete destas obras foron publicadas no sistema *braille*, para cegos. Moitos fragmentos de libros da súa autoría están incluídos en textos didácticos.



Libros sobre Xosé Neira Vilas

La visión de Galicia en Xosé Neira Vilas.
Por María Lucas (1977)

A recepción inmanente na obra de Neira Vilas
Por Dolores Vilavedra (1990)

Xosé Neira Vilas e “Xente no rodicio”
Por Xesús Rábade Paredes (1992).

Xosé Neira Vilas e Raquel de Queiroz, fabuladores artifices,
Por Cleudene de Oliveira (2000).

Xosé Neira Vilas e “Memorias dun neno labrego”,
Por Corinne Son (2001).

Xosé Neira Vilas (biografía),
Por Ramón REgueira (2003).

Buenos Aires na obra de Neira Vilas,
Por Nora Longhini (2003)

Neira Vilas na Arxentina,
Por Nora Longhini (2005)

Homenaxe a Neira Vilas e a Balbino,
Por Avelino Muleiro (coord.) (2013)



OUTROS DATOS DE INTERESE

- Foi elixido membro numerario da Real Academia Galega o día 17 de novembro de 2001, o seu discurso de ingreso foi “A cultura galega en Bos Aires: 1950-1960 ”
- É o autor do que se considera o libro máis lido da historia da literatura galega, tamén un dos narradores que mellor se aproxima aos temas da dureza da vida no campo e o desarraigo do emigrante.
- Encargouse de traducir ao galego a Molinari, Ho Chi Minh, José Martí e Alejo Carpentier, entre outros, e fixo un destacado labor pola memoria histórica como investigador da emigración galega (recollida en obras como *Galegos no Golfo de México*, *A prensa galega de Cuba* o *Guerrilleiros*). A súa literatura infantil mantén os temas centrais da súa narrativa. Algúns títulos son *Espantallo amigo*, *O cabaliño de buxo*, *A marela Taravela* e *Contos vellos para rapaces novos*.
- Recibiu o *Premio de la Crítica Española* de 1978 por *Aqueles anos do Moncho* e o da Crítica Gallega no 1981 por *Galegos no Golfo de México*.
- O 30 de marzo de 2009 presentouse no museo Verbum, de Vigo, o libro *Homenaxe a Neira Vilas e a Balbino, o neno labrego* publicado en Madrid, en edición non venal, por iniciativa do cineasta e escritor Ismael González, coa colaboración do Concello de Vigo. Contén traballos de 53 colaboradores. Co mesmo título, e coordinado polo profesor Avelino Muleiro, vaise publicar en Ir Indo Edicións unha obra que suma outras colaboracións ata un total de 98, trece delas en linguas de fóra.
- A Editorial Galaxia inicia en 2010 a Biblioteca Neira Vilas, ilustrada con obras do pintor Luis Seoane, e o número un da colección é unha edición de *Memorias dun neno labrego*.
- A Asociación Galega de Editores (AGE) recoñeceu a Xosé Neira Vilas co Premio Xosé María Álvarez Blázquez ao autor do 2010.